Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2007-13: distribución segundo áreas

	2007	2012	2013
	(%)		
Total	14,63	23,58	
A Coruña	11,71	21,49	
A Coruña suroriental	18,97	21,33	
Ferrol-Eume-Ortegal	13,24	19,77	
Área da Costa da morte	14,97	28,27	
A Barbanza-Noia	15,21	28,53	
Área da Coruña	8,29	19,14	
Área de Santiago	10,58	19,91	
Lugo	15,79	20,41	
Lugo sur	18,80	32,49	
Lugo oriental	12,88	16,53	
Lugo central	16,02	18,52	
A Mariña	14,76	18,57	
Ourense	19,08	24,55	
O Carballiño-O Ribeiro	17,83	29,88	
Ourense central	17,35	25,44	
Ourense sur	27,41	24,59	
Área de Ourense	14,78	22,52	
Pontevedra	16,15	26,86	
Pontevedra nororiental	16,72	20,53	
Pontevedra sur	24,74	33,12	
Caldas-O Salnés	15,51	30,33	
O Morrazo	14,59	30,08	
Área de Pontevedra	13,23	25,11	
Área de Vigo	15,22	24,97	

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

A Coruña

4.3.11.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2011-12: distribución segundo sexo e grupos de idade

	2011			2012		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
			(%)			
Total	21,94	22,16	22,05	23,39	23,76	23,58
Menos de 16 anos	24,65	23,24	23,96	27,31	27,39	27,35
De 16 a 24 anos	28,84	30,73	29,76	31,29	32,11	31,69
De 25 a 49 anos	21,29	21,62	21,45	23,85	24,44	24,14
De 50 a 64 anos	25,24	25,64	25,45	26,01	27,22	26,63
De 65 ou máis anos	14,89	17,05	16,15	13,73	15,92	15

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.3.12.

(xx,x% en A Coruña). Asemade, dentro da provincia de Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (xx,x%) e da zona sur (xx,x%), que acada a taxa máis elevada de toda Galicia, de xeito que x,x de cada 10 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social. (cadro 4.3.11.),

Ao igual que en termos territoriais, tamén en canto ás variables demográficas obsérvanse grandes diferenzas no maior ou menor risco de pobreza. Por unha banda, ao igual que o observado a nivel español ou europeo, a poboación galega en idade infantil e xuvenil é a máis exposta á pobreza, de xeito que o xx,x% dos menores de 16 anos estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do xx,x% para as persoas de entre 16 e 24 anos. O único intervalo de idade que no ano 2013 non incrementa a

Desigualdade en Galica e España 2008-13: Índice de Gini e distribución da renda S80/20

Índice de Gini

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286	
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278	
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277	
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279	
España	0,319	0,330	0,344	0,345	0,350	

Distribución da renda S80/S20

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	4,020	4,130	4,160	4,210	4,470	
A Coruña	4,020	4,140	4,220	4,220	4,530	
Lugo	4,170	4,110	3,910	3,930	4,270	
Ourense	4,180	4,340	3,980	3,930	4,390	
Pontevedra	3,790	4,030	4,160	4,350	4,390	
España	5,900	6,200	6,300	6,500	6,300	

(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence

(2) Distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

Fonte: IGE e INE

4.3.13.

poboación en situación de risco é o de maiores de 65 anos. Doutra banda, tal e como recolle o citado cadro 4.3.11., o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no xx% para a poboación estranxeira fronte ao xx,x% para a española.

A tipoloxía do fogar, así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza. Neste senso, o xx,x% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co xx,x%, os que presentan unha maior taxa de pobreza.

- **Desigualdade**

O empeoramento das condicións de vida e o aumento dos niveis de pobreza leva asociado en moitos casos unha maior desigualdade económica. Un xeito de medir o grao de desigualdade na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa total desigualdade. O **cadro 4.3.13.** mostra como no ano 2013 o valor do índice sería en Galicia do 0,xx, fronte ao valor para España do 0,xx, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, calculada como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra incrementos dende o ano 2008, acadando no ano 2012 para Galicia un valor de 4,47, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son case catro veces e medio superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre, (5,7 veces de media a nivel estatal).

A nivel provincial, as catro provincias presentan un grado de desigualdade inferior á media estatal, sendo A Coruña a que amosa

unha maior desigualdade na distribución da renda.

• Prestacións e axudas públicas

A Renda de Integración Social de Galicia (Risga) ten por obxecto garantir os recursos económicos de subsistencia a quen careza deles. Dunha banda, a prestación económica ten carácter alimenticio, persoal e non transmisible; e doutra, os proxectos de inserción están constituídos por un conxunto coordinado e programado de accións que terán como obxectivo a mellora da integración persoal, familiar ou social, así como, se é o caso, a incorporación da persoa beneficiaria ao sistema laboral.

O número total de beneficiarios desta renda de integración social de Galicia a 31 de decembro de 2013 situouse, cadro 4.3.14., nas 9.300 persoas, 2.582 beneficiarios máis que na mesma data do ano anterior. Atendendo as diferenzas na prestación en función das condicións do perceptor, as modalidades de percepción das 9.300 persoas beneficiarias da Risga no ano 2013 son as seguintes: 4.466 persoas perciben o subsidio básico; 3.543 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar; 327 beneficiarios perciben o subsidio básico máis algún complemento familiar e o complemento de inserción; 373 beneficiarios perciben o subsidio básico máis o complemento de inserción; e os 591 beneficiarios restantes non se atopan en ningunha das categorías sinaladas, xa que, segundo a súa situación, ben perciben soamente os complementos familiares ou os de inserción.

Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración superaría as 27.900 persoas.

O informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social indica que o perfil xeral dos perceptores da Risga en 2013 é o dunha muller de entre 35 e 54 anos, solteira, casada ou separada con cargas familiares que vive soa ou coa familia nuclear en zona urbana, nun piso de aluguer ou cedido en precario. O nivel de estudios é de primarios incompletos e atópase parada aínda que non en procura do seu primeiro emprego.

Ao igual que en anos anteriores, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (58,2% dos beneficiarios son mulleres) e das persoas beneficiarias con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (32,3%). En xeral, o nivel de estudios destes preceptores é moi baixo, xa que un 40% dos mesmos só teñen os estudios primarios incompletos, un 44% estudios primarios e un 2,9% carecen de estudios e o 2,3% son persoas beneficiarias con estudios superiores. No relativo á súa problemática básica, o protagonista é o desemprego: un 88,4% das persoas beneficiarias da Risga atópanse en desemprego, o 14,4% son cidadáns estranxeiros non comunitarios e o 10,4% pertencen a unha minoría étnica.

O devandito cadro 4.3.14. reflicte que o importe mensual total pagado no caso da Risga ascendeu a 3.631,7 miles de euros, polo que dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 390,5 euros (lixeiramente superior ao importe medio do ano anterior). O importe total aboado na Comunidade Autónoma, en concepto de Renda de Integración Social de Galicia, ao longo do ano 2013, foi de aproximadamente 37 millóns de euros, un 37% máis que no ano anterior (10 millóns de euros máis), incremento orzamentario asociado a un incremento de 2.582 no número de beneficiarios.

Das 9.878 solicitudes da Risga a resolver no último ano (2.174 pendentes do ano anterior), foron resoltas 7.911 solicitudes (4.646

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2013: beneficiarios e pagos

Risga (1)

	beneficiarios		importes medios	
	2012	2013	2012	2013
Total	6.718	9.300	388,54	390,50
A Coruña	1.638	2.532	404,84	405,39
Lugo	725	990	377,90	378,95
Ourense	1.079	1.361	374,34	378,36
Pontevedra	3.276	4.417	387,41	386,29

AES (2)

	axudas concedidas		importes medios	
	2012	2013	2012	2013
Total	2.595	2.653	1.013,62	1.038,17
A Coruña	287	436	1.007,81	970,57
Lugo	413	425	1.197,67	1.322,10
Ourense	496	524	1.373,85	1.232,54
Pontevedra	1.399	1.268	832,75	885,93

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano
(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.14.

	2012			2013		
	Total	Risga	AES	Total	Risga	AES
Solicitudes a resolver	12.581	7.491	5.090	15.619	9.878	5.741
presentadas no ano	10.724	6.427	4.297	12.461	7.704	4.757
pendentes do ano anterior	1.857	1.064	793	3.158	2.174	984
Solicitudes resoltas	9.423	5.317	4.106	12.296	7.911	4.385
estimadas	5.768	3.173	2.595	7.299	4.646	2.653
desestimadas e/ou arquivadas	3.655	2.144	1.511	4.997	3.265	1.732
Solicitudes present. / resoltas (%)	74,9	71,0	80,7	78,7	80,1	76,4

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.15.

estimadas e 3.265 desestimadas e/ou arquivadas), incrementouse a porcentaxe de resolución de solicitudes ata o 80,1%, porcentaxe nove puntos porcentuais superior á acadada no ano 2012 (**cadro 4.3.15.**).

Dos distintos proxectos dirixidos a persoas beneficiarias da Risga, o 48,5% foron de tipo mixto, é dicir, que integran accións tanto dos proxectos sociofamiliares como dos prelaborais. Un 33,3% inciden en proxectos prelaborais, o que indica que están deseñados coa finalidade de favorecer as condicións de acceso ao emprego, e un 9,4% en proxectos sociofamiliares (os que inciden nas problemáticas persoais, familiares e sociais), sendo esta porcentaxe dun 8,8% no caso dos proxectos laborais (os que fomentan hábitos de traballo e favorecen a inserción laboral).

En canto ás axudas de emerxencia social (AES), concedéronse un total de 2.653 AES, o que implicou un gasto mensual, tendo en conta o mes de decembro, de 2,7 millóns de euros. A contía media destas axudas ascendeu a 1.038,2 euros, oscilando a mesma entre os 970,6 euros de Pontevedra e os 1.322,1 euros de Lugo.

No último ano houbo un total de 5.741 soli-

citudes de AES a resolver (984 pendentes do ano anterior), das que foron resoltas 4.385 solicitudes (2.653 estimadas e 1.732 desestimadas e/ou arquivadas). A diferenza do que sucede no caso da RISGA, a porcentaxe de resolución destas axudas diminuíu no último ano en 4,3 puntos porcentuais, acadando en 2013 o 76,4%.

Das 2.653 axudas concedidas ao longo do ano 2013, o 55,6% dirixíronse a cubrir gastos de necesidades primarias, o 28,5% a cubrir gastos do uso da vivenda habitual, o 12,9% das axudas foron destinadas para o equipamento básico da vivenda, e o 2,9% para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade.

Respecto ao perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar o predominio do sexo feminino (o 59,5% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (29,3% dos perceptores), salientando tamén que un 26% dos beneficiarios teñen entre 45 e 54 anos, sendo neste caso superior a porcentaxe de homes que de mulleres, 31,2% fronte a 22,8% respectivamente.

No relativo á súa situación laboral, un 73,8% corresponde a parados que nalgún momento da súa vida traballaron e un 19,4% a inactivos. O 38,9% dos beneficiarios das axudas ten os estudios primarios incompletos e o 46,3%, estudios primarios rematados.

Tal e como se recolle no Informe de Rendas Mínimas de Inserción do ano 2013 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (último informe publicado), a contía mínima en Galicia ascendía a 399,38 euros por persoa (un máximo de 665,64 euros por unidade familiar) e situaríase no 61,9% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador Público de Rendas Múltiples, porcentaxes inferiores ás medias estatais, que se sitúan no 64,9% e un 78,6%. A taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes ascende en Galicia ata 4,08, sendo dita taxa a nivel estatal do 5,48 por 1.000 habitantes, en tanto que a taxa de cobertura por perceptor (titulares e membros dependentes) foi de 8,84 perceptores por cada mil habitantes en Galicia fronte aos 13,53 de España.

Dependencia e discapacidade

A sistema de atención á dependencia ven determinado en grande medida tanto pola evolución e a estrutura demográfica en Galicia, que transformou a pirámide poboacional e incrementou a demanda de protección social e apoio ás persoas que se atopan en situación de dependencia, como polo impacto da crise económica, xa que contribúe ao crecemento da demanda de asistencia noutros ámbitos da dependencia, como son a inclusión social, a familia ou a infancia.

As persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgún dos graos establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude e que residan na Comunidade Autónoma de Galicia na data de presentación da solicitude.

O número de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia rexistradas en Galicia volve a descender no último ano para situarse nas 81.101 a 31 de decembro de 2014, un 1,6% menos que na mesma data do ano anterior, o que representa o 5,1% das solicitudes no conxunto do Estado. En relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 3%, catro décimas menos que a media en España. Tal e como se deduce do **cadro 4.3.16.**, o 97,7% destas solicitudes foron ditaminadas (95,5% no

Situación de dependencia en Galicia e España a 31 decembro 2013-14

	2013			2014		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	82.400	1.644.284	5,0	81.101	1.594.692	5,1
Ditámenes	80.636	1.530.190	5,3	79.262	1.523.494	5,2
Beneficiarios con dereito a prestación	56.835	944.345	6,0	53.881	893.722	6,0
Grado III	25.048	373.169	6,7	23.302	352.676	6,6
Grado II	25.847	449.605	5,7	25.367	436.523	5,8
Grado I	5.940	121.571	4,9	5.212	104.523	5,0
Beneficiarios con prestación	38.729	753.842	5,1	39.004	745.720	5,2
Prestacións	42.090	945.051	4,5	41.938	929.983	4,5
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	509	20.994	2,4	567	23.310	2,4
Teleasistencia	1.026	120.457	0,9	1.225	115.570	1,1
Axuda a domicilio	9.714	120.962	8,0	11.107	132.597	8,4
Centros de día/noite	5.547	70.343	7,9	5.731	73.293	7,8
Atención residencial	7.584	130.424	5,8	7.317	135.346	5,4
P.E. vinculada servizo	5.400	72.029	7,5	5.046	73.636	6,9
P.E. coidados familiares	12.263	408.401	3,0	10.865	374.348	2,9
P.E. Asist. persoal	47	1.441	3,3	80	1.883	4,2
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,09	1,25		1,08	1,25	

Grao III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grao II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grao I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31de decembro

Fonte: IMSERSO. *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

4.3.16.

conxunto de España), tendo dereito a prestación un total de 53.881 beneficiarios, o que representa o 68% das solicitudes ditaminadas, cifra que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (58,7% no Estado).

A 31 de decembro do último ano residen en Galicia 23.302 beneficiarios cunha situación de gran dependencia (grado III), 25.367 persoas con dependencia grave (grado II) e 5.940 cunha situación de dependencia moderada (grado I). Ao igual que no ano anterior, cómpre destacar o feito de que Galicia sexa a terceira Comunidade Autónoma, tras Canarias e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grado III en relación ao total de solicitudes ditaminadas, acadando un 29,4% sobre o total de beneficiarios, así como a cuarta, tras Canarias, Cantabria e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao II sobre o total, un 32%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representaría un 6,6% do total, estando, neste caso, novamente por debaixo da media estatal.

No que atinxe aos Programas Individuais de Atención (PAI), o número total de beneficiarios volve a aumentar no ano 2014 para situarse a 31 de decembro en 39.004, o 5,2% dos beneficiarios totais estatais. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 1,4%, lixeiramente por baixo da media estatal (1,6%).

A pesar do devandito incremento dos beneficiarios, o número total de prestacións descende lixeiramente no último ano, situándose nas 41.938 prestacións, un 0,4% menos que no ano anterior, o que supón o 4,5% das prestacións en España. Deste xeito, o número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,09 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

Tendo en conta os tipos de prestacións, do devandito **cadro 4.3.16.** despréndense importantes diferenzas con respecto á situa-

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2008-14 (1)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2008	2.484	818	384	567	715	42.910	5,8
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3

(1) datos anuais a 31 de decembro; datos mensuais: último día de cada mes

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social

4.3.17.

ción no conxunto do Estado. Dunha banda, mentres que en Galicia pouco máis da cuarta parte corresponde a prestacións económicas para coidados no entorno familiar (25,9%), a porcentaxe máis baixa tras Canarias e Madrid, en España representan o 40,3%. Doutra banda, entre as prestacións por servizos, salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio (26,5% e Galicia e 14,3% no Estado) así como a reducida importancia relativa da teleasistencia, que supón tan só o 2,9% das prestacións, lonxe do 12,4% en España.

No concernente ao persoal encargado do coidado das persoas dependentes, cómpre destacar o papel dos coidadores non profesionais, que, en termos de Seguridade Social, son aqueles que sexan designados como tales no PIA e cumpran as condicións legalmente previstas. O **cadro 4.3.17.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2014 para situarse nas 1.393 persoas, o 10,3% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior.

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Os datos facilitados polo Instituto de Maiores e Servicios Sociais (Imserso), a decembro de 2011 (último dato dispoñible), Galicia tería en torno a 199 residencias, 162 privadas e 37 públicas, así como 21.053 prazas en residencias de maiores, das que 314.221 son privadas, 3.196 concertadas e 3.636 son públicas. Destaca o feito de que a rateo entre o número de prazas (21.053) e o número de persoas maiores de 65 anos (635.793) é do 3,3%, cando a nivel estatal é dun 4,5%. Neste senso, Galicia é, en comparación, unha das comunidades autónomas na que unha menor porcentaxe de persoas maiores de 65 anos ten a posibilidade de ter praza nunha residencia.

No que respecta ao ámbito das persoas con discapacidade, os datos da Consellería de Traballo e Benestar indican que en Galicia, a 31 de decembro do último ano, hai un total de 233.744 persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%, 9.647 persoas máis que ma mesma data do ano anterior, das que un 52,7% teñen máis de 65 anos. Por tipo de discapacidade, 170.466 persoas teñen unha discapacidade física, 80.321 unha discapacidade psíquica e 42.913, unha discapacidade sensorial (cadro 4.3.18.).

En relación á contratación de persoas con

Censo de persoas con discapacidade a 31 de decembro de 2013

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Poboación discapacitada (1)	233.774	99.082	21.418	27.391	85.883
Discapacidades (2)	297.700	131.862	30.984	21.942	112.912
segundo tipos					
física	170.466	77.236	16.031	11.920	65.279
psíquica	84.321	36.369	9.900	6.643	31.409
sensorial	42.913	18.257	5.053	3.379	16.224
segundo grupos de idade					
Menos de 6 anos	1.234	567	91	12	564
De 7 a 15 anos	4.235	1.745	342	116	2.032
De 16 a 29 anos	10.995	4.144	1.193	992	4.666
De 30 a 49 anos	51.046	21.293	5.445	3.398	20.910
De 50 a 64 anos	73.021	31.932	8.199	4.664	28.226
De 65 a 74 anos	60.292	28.109	6.555	4.195	21.433
Máis de 75 anos	96.877	44.072	9.159	8.565	35.081

(1) persoas con discapacidade recoñecida, igual ou superior ó 33%
(2) na cuantificación dos tipos de discapacidade, si unha persoa ten recoñecidos dous tipos na estatística vanse recoller como dous ítems.
Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.18.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2014

	Galicia					España	G / E
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		(%)
Contratos iniciais totais	-	-	-	-	-	-	#¡DIV/0!
Homes	-						#¡DIV/0!
Mulleres	-						#¡DIV/0!
C. indefinidos persoas con discapacidade	411	175	47	43	146	7.158	5,7
Homes	236	98	25	26	87	4.281	5,5
Mulleres	175	77	22	17	59	2.877	6,1
Xornada completa	237	87	27	26	97	4.134	5,7
Xornada parcial	150	80	16	10	44	2.483	6,0
Fixos discontinuos	24	8	4	7	5	541	4,4
C. temporais persoas con discapacidade	1.014	450	98	110	356	18.364	5,5
Homes	584	264	63	58	199	11.064	5,3
Mulleres	430	186	35	52	157	7.300	5,9
Xornada completa	539	230	52	62	195	10.221	5,3
Xornada parcial	475	220	46	48	161	8.143	5,8
12 meses	981	438	91	103	349	17.644	5,6
de 12 a 18 meses	27	12	7	1	7	597	4,5
de 18 a 24 meses	6	-	-	6	-	68	8,8
máis de 24 meses	-	-	-	-	-	55	
Prórroga contratos temporais	82.447	30.352	8.829	7.526	35.740	1.733.304	4,8
Prórroga a persoas con discapacidade	537	228	58	47	204	10.167	5,3
Contratos convertidos en indefinidos	22.077	9.391	2.784	2.104	7.798	414.509	5,3
a persoas con discapacidade	252	124	25	27	76	5.033	5,0
C. Temporais a persoas discapacidade	184	80	22	22	60	3.415	5,4
C. Indefinidos bonificados	5.502	966	3.477	275	784	42.916	12,8
A persoas con discapacidade	700	329	73	72	226	13.432	5,2

Fonte: *Servicio Público de Empleo Estatal*

4.3.19.

algún tipo de discapacidade, no ano 2014 asináronse en Galicia un total 411 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, 237 a xornada completa, e 1.014 contratos temporais de persoas con discapacidade. Isto supón que de cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 10,4 corresponden a persoas con discapacidade (7,7 contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 14 son de persoas con discapacidade (11,9 en España).

Por sectores, un 84,3% dos contratos iniciais indefinidos para discapacitados (275 contratos) así como un 83,6% dos contratos temporais para discapacitados (734 contratos), son do sector servizos. Asemade, do

Tipoloxía de fogares 2008-13: distribución segundo o sexo da persoa principal

	2008			2013		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
		(%)			(%)	
Unipersoal	19,64	12,12	32,67			
Sen núcleo	2,56	1,81	3,86			
Parella con fillos	35,21	43,56	20,73			
Parella sen fillos	21,42	24,98	15,26			
Monoparental	8,64	5,10	14,79			
Un núcleo e outros	8,49	8,57	8,37			
Varios núcleos	4,04	3,87	4,33			

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.3.20.

total de contratos convertidos a indefinidos no ano 2013, 213 son con discapacitados.

Familia e infancia

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, e regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes.

No que respecta ás familias e modelos familiares, no ano 2012, tal e como reflicte o **cadro 4.3.20.**, un 33,5% dos fogares galegos estaban constituídos por parellas con fillos, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,2%, e dos fogares unipersoais, co 20,5%. A porcentaxe de fogares monoparentais é do 9,5% do total de fogares galegos no ano 2012, o que supón que existen 99.100 fogares monoparentais no citado ano, case dez mil máis que no ano 2007.

No ano 2012 rómpese a tendencia, observada dende o ano 2008, de redución da porcentaxe de fogares constituídos por parellas con fillos, de xeito que no ano 2012 increméntase dita porcentaxe nun punto en relación ao ano anterior, ao mesmo tempo que se mantén estable a porcentaxe de parellas sen fillos e se reduce o número de fogares unipersoais e monoparentais.

No ano 2013 expedíronse un total de 8.465 títulos de familia numerosa en Galicia, dos que 1.822 corresponden a títulos novos e os restantes 6.643, a renovacións. Atendendo á súa distribución segundo categorías, 959 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse nesta categorías as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente. A 31 de decembro do 2013, existían en Galicia 19.240 títulos de familia numerosa en vigor.

Nas dúas terceiras partes dos títulos expedidos, a persoa titular atópase en situación laboral activa, (5.595 títulos), fronte ao 16,2% correspondente a unha persoa desempregada (1.403 títulos) ou un 13,6% que non ten actividade laboral (1.151 títulos).

No que respecta ás solicitudes de adopcións nacionais realizadas en Galicia, a pesar de que na última década observamos unha tendencia decrecente no seu número, destaca o incremento que se produce no ano 2013 en relación ao ano anterior, pasado de 158 solicitudes no ano 2012, a 217 no ano 2013, este incremento prodúcese integra-

Títulos de familia numerosa 2013 (1)

	Títulos expedidos			Títulos en vigor		
	Total	categoría xeral	categoría especial	Total	categoría xeral	categoría especial
Total	8.465	7.506	959	19.240	17.783	1.457
A Coruña	3.479	3.304	423	8.042	7.441	601
Lugo	659	642	41	1.752	1.658	94
Ourense	623	629	69	1.773	1.620	153
Pontevedra	3.094	2.931	426	7.673	7.064	609

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, *Estatística de familias numerosas*

4.3.21.

Adopcións nacionais 2003-2013

	2003				2013			
	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos	solicitudes abertas	resolucións de acollemento preadoptivo	propostas de adopción realizadas	autos de adopción producidos
Total	276	74	69	81	217	43	61	57
A Coruña	104	24	25	43	85	7	19	16
Lugo	30	-	3	7	31	7	8	10
Ourense	42	7	9	19	25	11	5	8
Pontevedra	100	43	32	12	76	18	29	23

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.22.

Solicitudes de adopción internacionais 2000-13

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2008	344	133	47	35	129
2009	361	183	40	23	115
2010	364	164	42	28	130
2011	302	160	32	24	86
2012	199	104	20	13	62
2013	165	92	22	10	41
2014					

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.23.

mente na provincia de A Coruña fronte ao descenso no número de solicitudes abertas nas tres provincias restantes. No caso das adopcións internacionais, a tendencia é claramente descendente, situándose o número de solicitudes de adopción internacional en Galicia no ano 2013 en 165, case a niveis do ano 2000 (154 solicitudes), os máis reducidos da serie estatística dispoñible.

• Prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e a infancia

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. No ano 2014 prodúcese unha medra importante dos procesos en vigor tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (932 no último ano), como no caso das traballadoras

Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2013-14

	2013		2014	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	245,0	5.165,6	272,5	5.589,2
Procesos en vigor ó final do período	767,0	17.155,0	932,0	18.642,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	94.9	94,6	97,4	95,1
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	15,9	304,5	24,3	382,0
Procesos en vigor ó final do período	44,0	902,0	72,0	1.136,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	69,2	74,6	71,1	74,3
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	3,9	59,7	3,3	46,8
Procesos en vigor ó final do período	25,0	413,0	23,0	350,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	131,4	123,8	142,7	146,2
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,6	3,9	0,8	4,0
Procesos en vigor ó final do período	1,0	20,0	5,0	30,0
Duración media dos procesos finalizados *(en días)*	102,0	108,1	159,3	153,1

Fonte: Seguridad Social

4.3.24.

por conta propia (72 en 2014), medrando así mesmo a duración media dos procesos finalizados, que se sitúan en 97,4 e 71,1 días, respectivamente.

– Prestacións por risco durante a lactancia natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificados. Como recolle o **cadro 4.3.24.**, o número de procesos en vigor para traballadoras por conta allea descendeu lixeiramente en Galicia ata os 23 procesos (25 en 2013), mentres que aumenta a duración dos procesos finalizados ata os 142,7 días (131,4 días no ano anterior).

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2014 concedéronse 13.974 prestacións de maternidade, 580 menos que no ano anterior, as que 13.669 serían percibidas pola nai e as restantes 305, un 2,1% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,7%). Esta redución leva aparellada a caída dun 2,7% do gasto, que se sitúa nos 72,5 millóns de euros, dous millóns menos que no ano anterior, o que representa o 4,6% do gasto no conxunto do Estado.

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O número de prestacións de paternidade concedidas

Prestacións de maternidade nas CC.AA. 2013-14

	Procesos precibidos						Gasto	
	2013			2014			2013	2014
	pola nai	polo pai	(% / total)	pola nai	polo pai	(% / total)	(en miles de euros)	
Andalucía	50.238	606	1,2	49.249	618	1,2	237.139,0	232.570,4
Aragón	8.131	165	2,0	7.880	140	1,7	45.685,1	45.171,3
Asturias	4.658	121	2,5	4.474	122	2,7	25.819,7	24.717,9
Baleares	6.976	115	1,6	6.794	121	1,7	38.897,9	39.032,8
Canarias	9.207	132	1,4	9.227	143	1,5	48.273,0	48.909,7
Cantabria	3.480	95	2,7	3.248	74	2,2	18.835,1	17.728,1
Castela-A Mancha	10.695	147	1,4	10.010	135	1,3	57.745,2	54.382,3
Castela e León	12.358	251	2,0	12.117	253	2,0	67.229,2	66.621,7
Cataluña	49.574	814	1,6	48.156	814	1,7	310.638,4	305.101,8
C. Valenciana	27.629	335	1,2	27.166	379	1,4	144.081,0	144.265,6
Estremadura	5.511	61	1,1	5.725	61	1,1	26.186,6	26.455,2
Galicia	14.554	329	2,2	13.974	305	2,1	74.532,1	72.514,9
A Coruña	6.306	161	2,5	6.003	150	2,4	33.911,5	32.531,6
Lugo	1.530	32	2,0	1.470	29	1,9	7.610,1	7.418,5
Ourense	1.325	38	2,8	1.299	29	2,2	6.544,0	6.410,5
Pontevedra	5.393	98	1,8	5.202	97	1,8	26.466,4	26.154,3
Madrid	48.629	773	1,6	46.948	769	1,6	317.713,2	314.453,5
Murcia	9.496	84	0,9	9.377	68	0,7	46.872,8	46.721,4
Navarra	4.683	159	3,3	4.558	164	3,5	30.322,7	29.800,2
País Vasco	15.362	681	4,2	14.646	696	4,5	105.116,2	102.463,3
A Rioxa	2.023	39	1,9	1.914	36	1,8	11.168,1	10.834,7
Ceuta e Melilla	719	12	1,6	776	14	1,8	3.645,1	3.904,5
Total	283.923	4.919	1,7	276.239	4.912	1,7	1.609.900,4	1.585.649,4

Fonte: Seguridad Social

4.3.25.

Prestacións de paternidade nas CC.AA. 2013-14

	Procesos		Gasto	
	2013	2014	2013	2014
			(en miles de euros)	
Andalucía	37.138	36.968	27.284,5	27.363,6
Aragón	7.710	7.449	6.304,4	6.248,9
Asturias	3.910	3.718	3.438,1	3.265,4
Baleares	5.174	5.071	4.042,1	4.069,0
Canarias	7.551	7.631	5.324,6	5.467,3
Cantabria	3.081	2.822	2.575,2	2.396,9
Castela-A Mancha	10.200	9.761	7.751,8	7.625,6
Castela e León	11.156	11.091	8.784,9	8.965,5
Cataluña	44.460	44.227	40.009,0	40.134,2
C. Valenciana	22.798	23.319	17.107,4	18.095,9
Estremadura	4.451	4.572	3.005,4	3.103,5
Galicia	11.360	11.156	8.693,6	8.809,3
A Coruña	5.016	4.831	3.915,5	3.984,5
Lugo	1.135	1.139	796,6	820,1
Ourense	1.067	1.018	761,0	760,8
Pontevedra	4.142	4.168	3.220,5	3.244,0
Madrid	40.256	39.326	38.599,8	39.332,6
Murcia	7.902	8.312	5.999,9	6.169,6
Navarra	4.284	4.241	4.246,6	4.226,7
País Vasco	14.149	13.630	14.091,9	13.969,3
A Rioxa	1.885	1.806	1.469,2	1.500,1
Ceuta e Melilla	523	578	419,8	485,7
Total	237.988	235.678	199.148,4	201.229,2

Fonte: Seguridad Social

4.3.26.

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2013-14

2013

	Galicia				España
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	652	238	87	61	266	23.298
familias numerosas	370	128	61	34	147	16.855
familias monoparentais	272	104	26	26	116	6.227
familias con nais discapacitadas	10	6	-	1	3	216

2014

	Galicia				España
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	683	272	91	85	235	25.304
familias numerosas	402	145	63	49	145	18.604
familias monoparentais	268	119	27	34	88	6.470
familias con nais discapacitadas	13	8	1	2	2	230

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.27.

volve a descender en Galicia no ano 2014, situándose nas 11.156 prestacións, 204 menos que no ano precedente, o que representa o 4,7% das prestacións en España. Tal e como indica o **cadro 4.3.26.**, o gasto experimenta unha medra do 1,3% en relación ao ano 2013, acadando os 8,8 millóns de euros.

– Prestacións familiares por fillo a cargo: Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acollidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.

As prestacións periódicas por fillo a cargo volve a medrar no ano 2014 tanto en Galicia como en España, acadando as 683 prestacións, o 2,7% do total estatal. As máis numerosas son as prestacións a familias numerosas, que tras un incremento do 8,6%, case dous puntos menos que no conxunto do Estado, acadan as 402. A diferenza do acontecido en España, descende o número de prestacións a familias monoparentais ata as 269, catro menos que no ano anterior.

Violencia e maltrato

A violencia de xénero defínese como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade. O número de chamadas pertinentes realizadas en Galicia ao 016 –teléfono que ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuíto e universal- volveu a incrementarse no ano 2014, acadando as 2.900 chamadas, un 6,8% máis que no ano anterior, das que 2.069 foron realizadas polas propias usuarias (8% máis que en 2013) e 758, por familiares ou persoas achegadas (2,6% máis).

O número de denuncias realizadas no último

Violencia de xénero en Galicia e España 2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Chamadas pertinentes	2.900	903	412	281	1.304	68.604	4,2
Usuarias	2.069	649	308	195	917	49.896	4,1
Familiares/achegados	758	228	98	78	354	17.006	4,5
Outros	73	26	6	8	33	1.699	4,3
Axudas concedidas	51					579	8,8
Axudas cambio residencia	173	92	16	29	36	3.601	4,8
Contratos bonificados	26	8	3	5	10	725	3,6
Contratos de substitución	16	11	2	-	3	143	11,2
Número de denuncias	3.893	1.421	418	374	1.680	95.301	4,1
Presentadas directamente víctima	590	122	72	107	289	7.334	8,0
Presentadas directamente familiares	13	7	1	-	5	527	2,5
Atestado policial con denuncia víctima	2.471	986	286	195	1.004	59.056	4,2
Atestado policial con denuncia familiares	53	33	2	4	14	1.117	4,7
Atestado policial. Intervención directa policía	295	142	28	30	95	14.439	2,0
Parte lesións	372	127	28	37	180	11.204	3,3
Servizos asistencia a terceiros	99	4	1	1	93	1.624	6,1
Dispositivos electrónicos	1.842	612	298	150	782	60.002	3,1
Instalacións acumuladas	921	306	149	75	391	30.001	3,1
Desinstalacións acumuladas	666	226	113	60	267	21.541	3,1
Dispositivos activos	255	80	36	15	124	8.460	3,0
Perceptores de Renda Activa de Inserción	1.311	519	189	178	425	34.550	3,8
Seguemento ingtegral	2.937	1.263	462	309	903	52.496	5,6
Casos con protección policial	884	469	131	40	244	16.044	5,5
Usuarios ATENPRO (1)	436	272	26	23	115	10.502	4,2
Vítimas mortais	6	2	2	-	2	53	11,3
Convivencia	5	1	2	-	2	35	14,3
Non convivencia	1	1	-	-	-	18	5,6

(1) servizo telefónico de atención e proteción

Fonte: Delegación del Gobierno para la violencia de género

4.3.28.

ano cae un 25% respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 3.893 denuncias, o 4,1% do total estatal. Atendendo á súa orixe, a meirande parte corresponde a atestados policiais con denuncia da vítima, con 2.471 denuncias (o 4,2% das rexistras en España), seguido polas presentadas directamente pola vítima, con 590 (8% do total do conxunto do Estado). Comparado co ano anterior, cómpre mencionar o descenso experimentado por estes dous tipos de orixe das denuncias (500 e 638 menos, respectivamente) así como a dos partes de lesións, con 202 denuncias menos, ao contrario do acontecido, por exemplo, cos atestados policiais por intervención directa policial (64 máis que no ano antertior).

Ao longo do ano 2014 Galicia rexistrou seis mortes por violencia de xénero, a cifra máis alta dos últimos seis anos, o que representa o 11,3% do total de casos rexistrados en toda España no mesmo ano. Respecto ao anterior, dita porcentaxe aumenta en case catro puntos porcentuais como consecuencia do devandito incremento e da redución nunha vítima mortal no conxunto do Estado.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia, o **cadro 4.3.28.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero ascenderon no último ano a 26, nove máis que no ano anterior, o que representa o 4,7% do total estatal. Asemade, o número de mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción continúa a súa tendencia crecente ata acadar 1.311 mulleres en 2014, un 9,5% máis que no ano precedente,

Chamadas ao teléfono da infancia 2013-14: distribución segundo tipoloxía das chamadas.

	2013	(%)	2014	(%)
Internamento	72	5,0		
Comunicación/sospeita de maltrato	112	7,8		
Abandono físico e/ou neglixencia	59	4,1		
Maltrato físico	34	2,4		
Maltrato emocional	11	0,8		
Situación risco social	4	0,3		
Abuso sexual	1	0,1		
Outras	1	0,1		
Problema de conduta	40	2,8		
Asesoramento	357	24,9		
Dificultades na estrutura ou dinámica familiar	92	6,4		
Dificultade na relación cos pais	15	1,0		
Dificultade na relación con outras persoas	12	0,8		
Problemas escolares	27	1,9		
Adicións	4	0,3		
Embarazo	1	0,1		
Problemas xudiciais	90	6,3		
Información	255	17,8		
outros	336	23,5		
Coordinación	19	1,3		
Total	1.432	100		

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.3.29.

o que supón o 3,8% das perceptoras en España.

Finalmente, no que atinxe á violencia infantil, no ámbito autonómico existen diferentes programas e actuacións dirixidas á atención a menores en situación de desprotección social. Entre estes pódense mencionar, entre outros, os referidos ao acollemento familiar, o programa Mentor, o programa de integración familiar (PIF), o teléfono da infancia ou o rexistro unificado de malos tratos (RUMI).

No ano 2013 (último dato dispoñible) destináronse ás medidas de acollemento familiar, entendido como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención, un total de 2.971.444 euros, un xx% máis que no ano anterior. Segundo os datos da Consellería de Traballo e Benestar, beneficiáronse deste programa un total de 1.486 menores e 616 familias, das que a meirande parte corresponden ao programa de acollemento por membros da súa propia familia (1.255 menores e 983 familias).

No ano 2013, a poboación sobre a que incidiu o proxecto Mentor, que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores entre 16 e 21 anos tutelados ou en garda pola administración autonómica, ascendeu a 422, xx máis que no ano anterior, dos que 259 son mozos e 163 mozas. No que se refire ao programa de integración familiar, qeu persegue acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial, en 2013 foron atendidos 364 menores (206 cunha finalidade de preservación familiar e 158 de reunificación) e 199 familias (103 perseguen a preservación da familia e 96, a reunificación).

O teléfono da infancia (116111), ademais de facilitar unha vía de apoio aos menores, está dirixido a todas as persoas que coñezan casos de malos tratos á infancia ou que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas relativos aos derei-

tos da infancia. Entre as 1.432 chamadas realizadas, máis do 42% céntranse no asesoramento e solicitude de información, seguidos pola comunicación ou sospeita de maltrato, que representan case o 8% (112 chamadas). Entre estas últimas, máis da metade (59 chamadas) corresponde a unha situación de abandono físico e/ou neglixencia, un 31% a maltrato físico (34 situacións) e un 10% a maltrato emocional (11 casos).

Finalmente, o RUMI é un instrumento de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para o menor. No ano 2013 tiveron acceso a este rexistro 2.068 profesionais (1.848 do ámbito educativo e 220 policial), xx máis que no ano anterior, realizándose un total de 12 notificacións, xx máis que no ano precedente. ❑

4.4.- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Finalmente, no ano precedente. ❑

4.5.- Ocio e cultura

O obxectivo deste capítulo é a análise dos principais indicadores relacionados coa cultura, diferenciando entre magnitudes transversais, que son aquelas que afectan a diferentes sectores culturais, e magnitudes sectoriais ou dominios culturais, analizando dentro destas últimas os bens de interese cultural, libros e publicacións periódicas, artes musicais e escénicas e os medios audiovisuais e interactivos. A consideración de factores fundamentais no eido cultural como os relacionados co ensino ou o uso das tecnoloxías nos fogares analízanse no capitulo da educación e o dedicado ás actividades de I+D.

Tendo en conta os devanditos obxectivos obxectivos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano ao que lle corresponden as competencias en materia de fomento da lingua galega, de protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural, o fomento das actividades culturais e do audiovisual e as relacionadas con bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o presuposto dedicado a cultura (función 43) ascende en 2014 a 61.073 miles de euros, o que representa o 0,6% do orzamento, porcentaxe similar á recollida nos orzamentos de 2013 e 2015.

Dende un punto de vista normativo é importante salientar a aprobación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. O seu obxectivo é promover o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa tendo en conta ademais o carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Asemade, establece que se incorporará progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros densino de Galicia.

Emprego cultural nas CC.AA. 2007-14 (1)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
			(medias anuais, en miles)					
Andalucía	55,3	65,4	68,4	52,8	49,4	45,8	49,0	58,2
Aragón	14,4	13,1	14,2	13,5	13,6	9,6	9,2	12,4
Asturias	6,9	9,2	9,7	8,5	7,2	8,4	7,6	7,9
Baleares	14,4	13,9	13,2	12,3	9,8	10,0	13,2	13,2
Canarias	18,2	21,2	16,6	16,9	15,6	14,2	12,9	15,0
Castela - A Mancha	13,0	13,8	15,3	14,9	13,1	12,0	13,7	14,8
Castela e León	18,8	21,0	22,2	24,9	19,6	17,7	17,2	17,7
Cataluña	117,7	126,1	117,7	126,1	126,1	105,1	117,0	122,0
Comunidade Valenciana	60,4	55,6	48,8	46,7	42,0	43,4	42,0	41,9
Galicia	23,6	26,6	33,2	30,6	24,2	21,4	24,3	27,6
Madrid	140,6	137,9	119,1	97,3	116,7	132,7	125,5	127,9
Murcia	9,2	11,2	10,4	10,5	6,7	9,4	9,7	9,3
Navarra	7,9	9,2	7,3	8,1	9,9	7,6	6,7	7,8
País Vasco	24,7	25,2	25,9	25,5	29,1	28,1	22,8	22,7
Cantabria, Extremadura, A Rioxa, Ceuta e Melilla	13,7	14,1	15,0	14,7	15,8	13,6	14,5	13,4
Total	553,7	562,0	537,0	503,7	481,7	478,8	485,3	511,8

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquiveiros, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Empleo cultural*

4.5.1.

Indicadores transversais

As magnitudes transversais fan referencia a todos aqueles indicadores que afecten a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

- **Emprego cultural**

Os datos do Ministerio de Educación, cultura e Deporte reflicten que o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en 2014 situose en 27.600 ocupados, o que representa o 5,4% do emprego cultural no conxunto do Estado. En termos absolutos, **cadro 4.5.1.**, Galicia sería a quinta comunidade con maior número de persoas empregadas en actividades culturais, tras Madrid (127.900), Cataluña (122.700), Andalucía (58.200) e a Comunidade Valenciana (41.900).

En comparación co ano anterior, a ocupación neste sector medra en Galicia un 13,6% (3.300 persoas máis), sendo esta porcentaxe oito puntos superior á do conxunto do Estado. En termos absolutos, tan só Andalucía e Cataluña presentan incrementos superiores, con 9.200 e 5.000 ocupados máis, respectivamente.

- **Empresas culturais**

Considéranse empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. Galicia contaba no ano 2012 cun total de 5.825 empresas, unha menos que no ano anterior, o que supón o 5,4% das empresas culturais españolas. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase novamente como a sexta comunidade con maior número de empresas, por detrás de Madrid (22,7%), Cataluña (20,1%), Andalucía (12,6%), Valencia (9,4%) e País Vasco (5,7%).

Empresas culturais nas CC.AA. 2013: distribución segundo actividade económica principal

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.826	110.619	5.825	108.556
En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.043	84.151	4.102	82.833
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	180	4.257	198	4.546
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	357	8.469	369	8.326
Cinematografía, video, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	387	9.486	378	9.123
Axencias de novas	2	127	1	118
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.412	27.189	1.473	27.482
Fotografía	543	9.434	550	9.041
Actividades de traducción e interpretación			334	7.778
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	750	15.600	719	14.805
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	26	312	20	306
Educación cultural			60	1.308
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.783	26.468	1.723	25.723

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.2.

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2011-12

		2011		2012	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	(en miles de euros)	94.240	1.482.593	97.184	1.273.763
gasto / gasto liquidado total	(%)	0,99	0,85	1,01	0,70
gasto / PIB		0,17	0,14	0,18	0,12
gasto / habitante	(en euros)	34,00	31,80	35,10	27,20
actividades					
Bens e servizos culturais	(en miles de euros)	22.564	524.967	20.805	430.757
Artes plásticas, escénicas e musicais		300	352.011	-	304.994
Libro e audiovisual		5.526	89.648	13.887	86.341
Interdisciplinar e non distribuído		65.850	515.967	62.492	451.671

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de financiación y gasto público en cultura*

4.5.3.

No que ás actividades da industria e servizos se refire, que abrangue o 70,4% das empresas culturais en Galicia, seis puntos menos que no conxunto do Estado, cómpre mencionar as actividades de "deseño, creación artística e de espectáculos", que representan a cuarta parte das empresas culturais en Galicia e no Estado, así como as actividades de "artes gráficas e reprodución de soportes gravados", que supoñen o 12,3% das empresas culturais galegas (13,6% en España).

• Financiamento e gasto público en cultura

Entendemos por gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2012, último dispoñible, a 97,2 millóns de euros, o que indica un incremento do 3,1% en relación ao ano anterior (2,9 millóns de euros máis), acadando o 0,18% do PIB e o 1,01% do gasto orzamentario liquidado total. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, esta medra ven explicada pola evolución do gasto en "Libro e audiovisual", que acada os 13,9 millóns de euros, 8,3 millóns máis que no ano precedente.

A diferenza do acontecido no conxunto do

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2012-13

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		684,7	13.367,0	603,0	12.261,7
libros e publicacións periódicas		135,6	2.208,8	117,3	1.941,0
servizos culturais	*(en millóns de euros)*	206,3	4.181,4	177,1	4.117,8
equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos		90,1	1.665,8	68,9	1.309,1
equipos e accesorios de tratamento de información e Internet		214,1	4.306,1	198,7	4.071,6
outros bens e servizos		38,6	1.004,9	41,0	822,2
gasto / habitante	*(en euros)*	249,50	288,50	220,80	265,70
gasto / fogar		644,90	738,80	563,30	673,30

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

Estado, Galicia presenta unha medra do seu gasto por habitante, que se sitúa en 35,10 euros (34,00 euros no ano anterior), case oito euros máis por habitante que en España.

• Gasto e consumo cultural nos fogares

Tal e como amosa o **cadro 4.5.4.**, o gasto cultural nos fogares galegos continuou a súa contracción no ano 2013, último dato dispoñible, acadando un total de 603 millóns de euros, un 11,9% inferior ao realizado no ano anterior. O principal destino deste gasto é o consumo de servizos culturais e a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet, co 33% e o 29,4% do gasto total, respectivamente, seguido polo gasto en libros e publicacións periódicas, que representan case o 20%.

En termos relativos, o gasto medio por fogar en cultura situouse no ano 2013 en 563,30 euros, 110 euros menos que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, este importe sitúa a Galicia como unha das CC.AA. con menor gasto por fogar, tan só por diante de Estremadura (469,00 euros), Castela–A Mancha (539,80 euros), Murcia (544,30 euros) e Castela e León (549,60 euros), ademais de Ceuta e Melilla (537,30 euros). En termos per cápita, o gasto medio situouse en 220,80 euros por persoa (265,70 de media en España), situándose igualmente como a sexta Comunidade Autónoma con menor gasto, tras Estremadura (185,30 euros), Murcia (197,10 euros), Castela–A Mancha (206,10 euros) e Andalucía (212,60 euros), ademais de Ceuta e Melilla (162,80 euros).

• Propiedade intelectual

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. No ano 2013 continúa o descenso das primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual, se ben o descenso é inferior ao do conxunto do Estado. No último ano realizáronse un total de 1.584 inscricións, 69 menos que no ano anterior, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 8,1%, seis décimas máis que en 2012. O 73% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 18,6% (**cadro 4.5.5.**).

• Turismo cultural

O ano 2013 non foi un bo ano para o turismo cultural en Galicia atendendo tanto ao descenso en torno ao 16% do número de viaxes realizados que tiveron por motivo principal a cultura como da caída do gasto total nun 1,5%. Nese ano realizáronse un total de 783.300 viaxes culturais, o 1,8% do total estatal, o que significa que o 9,2% das viaxes responden a motivos culturais, a me-

Dereitos de propiedade intelectual 2008-13: primeiras inscricións

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Obras literarias e científicas						
Galicia	1.298	1.283	1.254	1.313	1.207	1.157
España	23.328	24.186	20.230	24.540	24.039	20.919
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais						
Galicia	313	300	284	300	255	294
España	6.412	6.307	6.266	6.335	5.611	5.483
Obras artísticas e técnicas						
Galicia	132	117	114	113	106	90
España	2.711	2.965	2.296	2.915	2.178	2.055
Outras						
Galicia	49	56	106	57	85	43
España	743	854	838	1.141	854	846
Total (1)						
Galicia	1.792	1.756	1.758	1.783	1.653	1.584
España	33.194	34.312	29.630	34.931	32.682	29.303

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Propiedad intelectual*

4.5.5.

Viaxes por motivos culturais 2012-13: distribución segundo destino

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Residentes en España					
Viaxes	*(en miles)*	493,6	11.908,0	350,7	9.919,7
% sobre poboación			25,4		21,2
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	12,9	14,0	10,1	12,3
% sobre total viaxes		6,0	7,4	4,7	6,4
Gasto	*(en millóns de euros)*	149,9	5.224,2	122,2	4.242,5
gasto medio por viaxe	*(en euros)*	304,0	439,0	348,0	428,0
gasto medio por habitante			112,0		91,0
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	24,9	31,5	19,6	25,7
% sobre total viaxes		12,1	18,0	11,3	15,1
Residentes no estranxeiro					
Viaxes	*(en miles)*	440,0	30.745,5	432,6	32.622,1
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	87,1	62,6	89,6	62,2
% sobre total viaxes		51,1	53,6	51,0	53,9
Gasto	*(en millóns de euros)*	544,1	31.902,2	561,4	34.994,5
gasto medio por turista	*(en euros)*	1.236,0	1.038,0	1.298,0	1.073,0
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	129,3	69,5	118,2	68,7
% sobre total viaxes		76,8	59,2	76,6	59,2

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.6.

tade do peso medio en España. No caso das viaxes realizadas por residentes españois, esta última porcentaxe é do 4,7% mentres que o 51% das realizadas por turistas internacionais con destino a Galicia tiveron por motivo principal a cultura.

O número de turistas residentes en España que visitaron Galicia por motivos culturais situouse en 350.700, un 29% inferior ao rexistrado no ano precedente, reducíndose un 1,7% no caso dos turistas internacionais. A diferenza do acontecido no ano anterior, en 2013 os turistas estranxeiros que chegan a Galicia por motivos culturais (432.600 persoas) supera ao número de turistas residentes en España.

O gasto medio por viaxe realizado por estes turistas culturais sería de 872,7 euros, apro-

Viaxes por motivos culturais de residentes en España 2012-13: distribución segundo a súa orixe

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Viaxes	*(en miles)*	435,4	11.908,0	315,2	9.919,7
% sobre poboación		15,7	25,4	11,4	21,2
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	12,7	14,0	10,7	12,3
% sobre total viaxes		6,2	7,4	4,8	6,4
Gasto	*(en millóns de euros)*	168,2	5.224,2	150,0	4.242,5
gasto medio por viaxe	*(en euros)*	386,0	439,0	476,0	428,0
gasto medio por habitante		61,0	112,0	54,0	91,0
% sobre viaxes ocio, recreo e vacacións	*(%)*	24,9	31,5	19,6	25,7
% sobre total viaxes		15,9	18,0	15,7	15,1

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.7.

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2012-13

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	758	30.031	1.263	31.555
Bens inmobles	718	16.559	760	16.795
Monumento	617	13.093	622	13.160
Xardín Histórico	6	90	6	91
Conxunto histórico	50	954	50	955
Sitio histórico	32	338	68	391
Zona arqueolóxica	13	2.084	14	2.198
Bens mobles	40	13.472	503	14.760

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.8.

ximadamente cincuenta euros menos que a media estatal. No caso dos residentes españois, o gasto medio sitúase en 348 euros, case un 19% inferior a media do Estado, e de 1.262 euros no caso dos turistas internacionais, un 20% superior ao gasto medio en España.

No caso dos turistas galegos residentes en España, **cadro 4.5.7.**, realizaron viaxes por motivos culturais un total de 315.200 persoas, 120.200 menos que no ano anterior segundo os datos recollidos polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no seu anuario de estatística de 2014, o que representa o 10,7% das viaxes de ocio, recreo e vacacións e o 4,8% das viaxes totais (12,3% e 6,4%, respectivamente, no conxunto do Estado). O gasto descendeu un 10,8% en relación ao ano anterior, oito puntos menos que no conxunto do Estado, situándose en 150.000 euros. Este importe representa case o 20% do gasto en viaxes de ocio, recreo e vacacións, e case o 16% do gasto total en viaxes (27,7% e 15,1%, respectivamente, en España).

Dominios culturais

A análise dos dominios culturais céntrase nas magnitudes sectoriais concretas, sendo obxecto de estudo neste apartado os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos.

- **Bens de interese cultural**

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio,

Produción editorial nas CC.AA. 2013-14: títulos

	Total		Libros		Folletos	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Andalucía	6.247	6.129	5.941	5.767	306	362
Aragón	1.025	1.376	839	1.178	186	198
Asturias	808	882	696	802	112	80
Baleares	717	602	658	517	59	85
Canarias	795	748	737	673	58	75
Cantabria	391	422	336	379	55	43
Castela e León	1.779	1.699	1.529	1.507	250	192
Castela - A Mancha	771	868	695	772	76	96
Cataluña	16.086	16.079	13.907	13.815	2.179	2.264
C. Valenciana	3.230	3.178	2.914	2.887	316	291
Estremadura	776	602	730	536	46	66
Galicia	1.869	2.295	1.514	2.001	355	294
A Coruña	1.036	1.347	898	1.210	138	137
Lugo	68	77	58	68	10	9
Ourense	81	96	61	72	20	24
Pontevedra	684	775	497	651	187	124
Madrid	18.195	17.474	15.219	14.796	2.976	2.678
Murcia	599	673	547	603	52	70
Navarra	1.116	820	1.018	747	98	73
País Vasco	1.772	1.895	1.499	1.539	273	356
Rioxa	216	244	182	199	34	45
Ceuta e Melilla	43	44	40	37	3	7
Total	56.435	56.030	49.001	48.755	7.434	7.275

Fonte: INE. *Producción editorial de libros*

4.5.9.

deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles.

Os bens mobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica. No ano 2013 continúa a tendencia á alza na inscrición de bens inmobles calificados como BIC en Galicia, que se sitúa en 760 (o 4,5% do total estatal) fronte aos 718 do ano anterior. Atendendo á desagregación segundo tipo de ben, cómpre mencionar os sitios históricos, que representan máis do 17% dos sitios históricos españois e mantense como os bens que experimentan un maior incremento en relación ao ano anterior.

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2013 ascendeu a 503, o que representa o 3,4% do total estatal. Deste total 93 corresponden a BIC declarados e 410 a BIC incoados.

• Libro e publicacións periódicas

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, a produción editorial en Galicia racha en 2014 a tendencia descendente dos último anos. No último ano editáronse en Galicia un total de 2.285 títulos, un 22,8% máis que no ano anterior, polo que, dado o descenso do 0,7% experimentado en España, o seu peso relativo aumenta ata o 4,1% dos títulos publicados, oito décimas superior ao de 2013.

Ao longo do ano 2014 aumenta igualmente a produción editorial en galego en relación aos títulos publicados no ano anterior, acadando os 860 títulos (o 1,5% dos títulos publicados no conxunto do Estado), un 16,4% superior ao rexistrado no ano precedente. Non obstante, cómpre mencionar que a pesar deste importante crecemento,

Produción editorial en España 2013-14: títulos publicados segundo idioma

	2013	2014	14/13 (%)
Total	56.435	56.030	-0,7
Castelán	45.219	43.548	-3,7
Catalán, valenciano e balear	5.516	5.966	8,2
Galego	739	860	16,4
Euskera	742	780	5,1
Outros idiomas ou dialectos nacionais	56	52	-7,1
Alemán	85	89	4,7
Francés	316	327	3,5
Inglés	1.442	1.503	4,2
Outros idiomas estranxeiros	326	356	9,2
En dous ou máis idiomas, nacionais ou estranxeiros	1.994	2.549	27,8

Fonte: INE. *Producción Editorial de Libros*

4.5.10.

Tirada e difusión da prensa diaria 2013-14: cabeceiras controladas pola OJD

Medio	2013		2014	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	4.824	3.572	4.129	3.105
Diario de Pontevedra	7.341	6.050	6.657	5.715
Faro de Vigo	39.359	33.336	36.576	31.016
La Opinión A Coruña	6.524	4.814	6.392	4.590
El Progreso Lugo	16.423	14.008	15.348	13.228
La Voz de Galicia	92.631	81.282	90.224	78.414

(1) período controlado: xullo 2013 a xuño 2014
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.5.11.

a produción editorial en galego do último ano sitúase como a segunda máis reducida dende 1999. Da produción editorial total en España (56.030 títulos publicados), o **cadro 4.5.10.** reflicte que se editan en castelán o 77,7% dos títulos, un 10,6% en catalán, valenciano e balear e un 1,4% en euskera.

Respecto á prensa escrita, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reducindo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2013 e xuño de 2014, a tirada media está en torno aos 26.500 exemplares (27.900 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 22.700 exemplares (23.800 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é *La Voz de Galicia*, que acada de promedio 90.224 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 78.414 exemplares. O segundo diario galego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 36.576 exemplares e unha difusión de 31.016 exemplares (**cadro 4.5.11.**).

• Artes escénicas e musicais

Os **cadros 4.5.12.** e **4.5.13.** mostran a evolución dos principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Con carácter xeral, os datos recollidos no devandito **cadro 4.5.12.** indican que o ano 2013 non foi un bo ano no que atinxe ás obras musicais e espazos escénicos en comparación co ano anterior, tendo en conta tanto o descenso do número de editores con actividade nas artes musicais e das obras inscritas, que se sitúan en cinco e dez, res-

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2009-13

	2009		2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais						
Editores	1	78	8	81	5	76
Obras inscritas (1)	1	1.114	24	2.191	10	1.199
en galego	1		8		6	
Espazos escénicos						
Número	89	1.518	90	1.605	86	1.490
Espazos / 100.000 hab.	3,2	3,3	3,2	3,4	3,1	3,2
Salas concertos						
Salas	26	481	27	508	27	515
Salas / 100.000 hab.	0,9	1,0	1,0	1,1	1,0	1,1
Compañías						
Teatro	267	3.722	221	3.261	213	3.227
Danza	75	803	83	889	85	913
Festivales						
Teatro			49	634	46	656
Danza			15	306	15	308

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.12.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2012-13

		2012		2013	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións					
obras teatrais		1.506	50.833	1.495	48.610
xénero lírico		14	1.314	22	1.233
danza		91	2.633	77	2.354
concertos música clásica		1.221	15.017	1.172	14.522
concertos música popular		5.206	116.446	4.506	103.208
Espectadores					
obras teatrais		397	11.534	355	11.161
xénero lírico	(en miles)	10	805	13	738
danza		41	1.066	35	954
concertos música clásica		251	4.733	238	4.538
concertos música popular		1.183	24.382	1.014	21.334
Recadación					
obras teatrais		2.368	172.163	2.364	168.655
xénero lírico	(en miles de euros)	101	25.533	119	22.874
danza		241	10.326	205	9.243
concertos música clásica		712	38.305	683	37.480
concertos música popular		6.630	135.714	5.491	114.778
Gasto medio espectador					
obras teatrais		6,0	14,9	6,7	15,1
xénero lírico	(euros)	9,9	31,7	9,0	31,0
danza		5,9	9,7	5,9	9,7
concertos música clásica		2,8	8,1	2,9	8,3
concertos música popular		5,6	5,6	5,4	5,4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Anuario de Estadísticas Culturales*


4.5.13.

pectivamente, fronte ás oito e vinte e catro do ano anterior. Asemade, é importante reflectir que se inscribiron seis obras en galego, dúas menos que no ano anterior.

No concernente ás artes escénicas e salas de concertos, Galicia presenta uns niveis similares aos do conxunto do Estado, rexistrándose 3,1 espazos escénicos por cada cen mil habitantes e 1,0 salas de concertos por cada cen mil habitantes.

O número de representacións, así como de espectadores e a recadación obtida polas artes escénicas redúcese con carácter xeral nas distintas disciplinas recollidas no **cadro 4.5.13.** Tan só os indicadores relativos ao xénero lírico presentan en Galicia un mellor

Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2005-13



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.14.

comportamento que en 2012. Con carácter xeral, a Comunidade Autónoma amosa un peso relativo sensiblemente inferior ao seu peso poboacional no caso das representacións e o número de espectadores. Salienta o caso do xénero lírico, que representa tan só o 1,8% do total estatal, ou as obras teatrais, cunha importancia relativa lixeiramente por riba do 3%. Este diferencial agrávase se se ten en conta a recadación obtida, xa que na C.A. ta só se recada o 1,4% do total estatal no caso das obras teatrais ou o 0,5% no xénero lírico.

Tal e como se reflicte no devandito **cadro 4.5.13.**, o gasto medio por espectador en Galicia está moi por baixo da media española, especialmente no caso do xénero lírico, con 9,0 euros (o 29% do gasto en España), no representacións de música clásica, con 2,9 euros (o 35% da media española), ou das obras teatrais, con 6,7 euros, que supón o 44% da media de España.


En canto á oferta cultural, cabe destacar que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), xunto aos concellos e entidades privadas, xestiona tres importantes canles de distribución escénica e musical co obxecto de garantir a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega por todo o territorio da comunidade. Estas tres canles de distribución son a Rede Galega de Teatros e Auditorios, a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo. Asemade, hai que destacar o seu labor de produción, programación e formación continua que leva a cabo a través do Centro Dramático Galego, o Centro Coreográfico Galego e o Centro Galego de Artes da Imaxe.

• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radi

No que á actividade cinematográfica se refire, Galicia contaba no ano 2013 (último ano dispoñible) cun total de 18 empresas produtoras de cine con actividade, unha menos que no ano anterior. En relación ao resto do Estado, a Comunidade Autónoma acolle o 6,7% das produtoras españolas, porcentaxe que a sitúa tan só por detrás de Madrid e Cataluña, que acollen o 63,2% das empresas, e Andalucía, co 7,5%.

O número de salas de exhibición descende lixeiramente en Galicia, situándose nas 184 salas, seis menos que no ano anterior, o que representa o 4,7% das salas de proxección

Espectadores no cine en Galicia e España 2005-13: distribución segundo nacionalidade do film




(1) en millóns de persoas

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Estadística de cinematografía*

4.5.15.

Recadación dos cines en Galicia 2007-13: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.16.

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2013-14 (1)

	2013		2014	
	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*	oíntes / día *(en miles)*	share *(%)*
Ser	4.491	35,5	4.447	35,7
Onda Cero	2.354	19,5	2.369	19,0
COPE	1.859	13,1	1.891	13,6
RNE	1.280	8,5	1.249	8,9
Rac 1	644	5,5	700	5,8
Catalunya Radio	570	3,5	571	3,4
Canal Sur Radio	355	2,5	348	2,4
EsRadio	247	1,8	312	2,4
Radio Euskadi	183	1,2	172	1,1
Radio Galega	176	1,2	144	1,0
Euskadi Irratia	70	0,6	85	0,6

(1) febreiro-novembro
Fonte:AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.17.

españolas. En comparación co resto das CC.AA., Galicia presenta unha das rateos per cápita máis reducida, con 6,7 salas por cada cen mil habitantes, tan só por diante de Cantabria (5,6 salas), Ceuta e Melilla (4,8) e Estremadura (4,6 salas).

O número de películas exhibidas nas salas volve a aumentar en 2013, acadando as 454 longametraxes, 22 máis que no ano anterior. A pesar desta medra, no último ano descende o seu peso relativo no total estatal, que se sitúa no 27,9% das películas exhibidas en España, 1,2 puntos porcentuais menos que en 2012.

Dende a óptica da demanda, a asistencia a salas de exhibición de cine experimentou no ano 2013 (último dato dispoñible) unha forte redución. Nese ano o número de espectadores acadou os tres millóns de persoas, 800.000 menos que en 2012, o que representa o 3,8% do total estatal. En termos relativos, o número de espectadores por sala en Galicia descende ata as 16.413 persoas (3.373 menos que no ano precedente) e a asistencia media por habitante a 1,1, que a sitúa tan só por diante de Estremadura e Castela–A Mancha.

O devandito descenso de espectadores leva a unha considerable redución da recadación, que se sitúa nos 19,8 millóns de euros, case un 20% menos que no ano anterior (–17,6% en España). En termos relativos, o gasto medio por espectador mantense en Galicia nos 6,60 euros, o que a sitúa como a terceira Comunidade Autónoma co gasto más elevado tras Madrid (7,20 euros) e Cataluña (6,80 euros). Por contra, o gasto medio por habitante descende ata os 7,20 euros (8,90 euros no ano anterior) o que a converte na terceira Comunidade co menor gasto, tras Estremadura (4,50 euros) e Castela–A Mancha (5,80 euros).

Finalmente, en relación á televisión e á radio, no ranking de emisoras de radio xeneralista do Estudio General de Medios (EGM), a Radio Galega sitúase no décimo posto, con 144.000 oíntes por día (32.000 menos que no mesmo período do ano anterior), o que significa un *share* do 1%, dúas décimas menos que en 2013 (**cadro 4.5.17.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, ao igual que no ano anterior a TVG sitúase no noveno posto da clasificación do EGM, mantendo unha cota de *share* do 0,7%. ❑



